DEPUTACIÓN DE LUGO

## SESION ORDINARIA DE 28 DE OUTUBRO DE 2025

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
Dª Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
Dª. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
Dª. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de outubro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 1/100 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de setembro de dous mil vinte e cinco, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=1

**PARTE RESOLUTIVA**

**2.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE MEIRA E DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE MEIRA, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

**"**Pablo Rivera Capón, en calidade de deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, en relación ao asunto de referencia e tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, expón o seguinte:

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto, a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 2/100 |

O 09.03.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados nese momento, así como as que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, dando prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Neste contexto, e despois do trámites preceptivos, o Concello de Meira e a Deputación de Lugo formalizaron un Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e un Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores. Estes convenios tiveron unha modificación dos prazos da súa vixencia, mediante a formalización das addendas correspondentes. Así Convenio Marco e Convenio Específico constan vixentes neste momento e ata o 20.06.2026.

A 22.09.2025 constan 30 persoas usuarias do servizo de atención residencial, 59 en lista de agarda e 86 pendentes de avaliación técnica, isto deixa de manifesto a necesidade de manter con actividade o Centro de Atención a Persoas Maiores de Meira. Se ben é certo que o Concello pode propoñer unha alternativa de xestión a actual, a día de hoxe, non consta ningunha manifestación ao respecto e, polo tanto, parece que é necesario prever un marco xurídico que ampare a prestación para o vindeiros anos, que se está a elaborar dende este servizo, tendo en conta que no RUEPSS consta a Deputación de Lugo como entidade titular da actividade social, dentro da subcategoría administración provincial, enmarcada dentro da categoría iniciativa pública, tipoloxía miniresidencia, da Área de maiores e co data de inicio de actividade autorizada dende o 22.11.2021.

Así dende Benestar Social e Igualdade no informe co CSV IV7TGCI7FBJDRHW7AUETB7QE7Y proponse unha ampliación dos efectos económicos dos actuais convenios, ata o 20.06.2026, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais dos documentos iniciais dos Convenios, sinalando que a non continuidade das prestacións reguladas nos convenios deixarían nunha situación de desamparo ás actuais persoas usuarias e deixaría sen opción de acceso a un recurso tan necesario neste momento a outras persoas que están en listaxe de agarda, ou futuras persoas demandantes deste servizos, sendo un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Meira, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

No citado informe de Benestar Social e Igualdade trasládase á necesidade de manter un equipo interdisciplinar, cando menos cunha intensidade do 50%, co especial




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 3/100 |

mención ao perfil de DUE ou ATS cuxo obrigatoriedade mudouse coa entrada en vigor Orde do 4 de decembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, a cal estableceu que se deberá contar con persoal de enfermería coa ratio de 0,02 por persoa usuaria sen dependencia ou en situación de dependencia de grao I e de 0,03 por persoa usuaria en situación de dependencia de grado II ou III.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Intervención, así como o amentado de Benestar Social e Igualdade,e que constan aprobados gastos vinculados coa aprobación das citadas Addendas, sen prexuízo dos que podan xurdir os cales teranse que tramitar segundo o procedemento legalmente establecido, proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

1. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Meira cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO, INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN, ENTRE OS CONCELLOS DA PROVINCIA E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE MEIRA*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 17.04.2019 E POLO PLENO DO CONCELLO DE MEIRA O 01.04.2019]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE MEIRA O 07.02.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ................ E POLO CONCELLO DE MEIRA O ....................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Meira, don Antonio de Dios Alvarez, con D.N.I.: 33.823.170-Z, que actúa en nome e representación do Concello de Meira, con NIF: P2702900H e sede social na Praza do Concello, s/n- Meira, da provincia de Lugo, CP*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 4/100 |

*27240, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda de modificación e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 17.04.2019 dar aprobación ao texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Meira*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 17.04.2019 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*

*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 16.04.2021, aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 24.04.2021.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 5/100 |

*CUARTO.- En base aos citado convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Meira prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Meira dende o 01.12.2021.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Meira, e o texto da Addenda ao Convenio Especifico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar os prazos de vixencia e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 18.05.2022.*

*SEXTO.- O 02.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*
*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula novena do convenio, que quedará redactada como segue:*

*" (...)*

*Novena.- Duración do convenio interadministrativo.*

*A vixencia do presente convenio é dende a súa formalización ata o 20.06.2026, aínda que con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ."*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio marco interadministrativo subscrito*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 6/100 |

*con data 17.04.2019, e modificado o 18.05.2022, esta segunda addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E para que así conste, en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda ao convenio subscrito con data 17.04.2019, e modificado con data 18.05.2022 do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Meira* |
| *José Tomé Roca* | *Antonio de Dios Álvarez* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

2. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, xunto co Anexo I_CAM Meira de estimación e previsión ingresos e gastos cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE MEIRA, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE MEIRA.*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 16.04.2021 E POLO PLENO DO CONCELLO DE MEIRA O 12.04.2021]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE MEIRA O 07.02.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ................. E POLO CONCELLO DE MEIRA O ................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Meira, don Antonio de Dios Alvarez, con D.N.I.: 33.823.170-Z, que actúa en nome e representación do Concello de Meira, con NIF: P2702900-H e sede social na Praza do Concello, s/n- Meira, da provincia de Lugo, CP*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 7/100 |

*27240, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*
*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 17.04.2019 dar aprobación ao texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Meira*
*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 17.04.2019 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*

*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 16.04.2021, aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 22.04.2021.*

*CUARTO.- En base aos citados convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Meira prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Meira dende o 01.12.2021.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 8/100 |

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Meira, e o texto da Addenda ao Convenio Especifico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a personas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar os prazos de vixencia e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con de efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 18.05.2022.*

*SEXTO.- O 02.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente segunda addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula décimo quinta do convenio, que quedará redactada como segue:*

*“ (...)*

*Décimo quinta.- Duración deste convenio específico.*

*A duración deste convenio específico axustarase á do convenio marco interadministrativo ao que desenvolve, con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o **20.06.2026**, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .(...)”*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio especifico subscrito con data 22.04.2021, e modificado o 18.05.2022, esta segunda addenda de modificación, a cal se*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 9/100 |

*rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda do convenio especifico subscrito con data 22.04.2021, e modificado o 18.05.2022, do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Meira* |
| *José Tomé Roca* | *Antonio de Dios Álvarez* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

3. Aprobar o orzamento vinculado á aprobación das citadas Addendas cun total estimado de 638.465,83 € dende o 01.11.2025 ata o 20.06.2026 ambos incluídos coa seguinte distribución:

- 2025 (dende o 01.11.2025 ata o 31.12.2025): 166.395,71 €

- 2026 (dende o 01.01.2026 ata o 20.06.2026): 472.070,12 €

4. Dar traslado da aprobación do presente acordo ao Concello de Meira co obxecto de poder formalizalas e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 10/100 |

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=2

**3.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE TRABADA E DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE TRABADA, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

"Pablo Rivera Capón, en calidade de O deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, en relación ao asunto de referencia e tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, expón o seguinte:

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto, a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.

O 09.03.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados nese momento, así como as que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, dando prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Neste contexto, e despois do trámites preceptivos, o Concello de Trabada e a Deputación de Lugo formalizaron un Convenio Marco, interadministrativo de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 11/100 |

cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e un Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores. Estes convenios tiveron unha modificación dos prazos da súa vixencia, mediante a formalización das addendas correspondentes. Así Convenio Marco e Convenio Específico constan vixentes neste momento e ata o 20.06.2026

A 22.09.2025 constan 36 persoas usuarias do servizo de atención residencial, 51 en lista de agarda e 58 pendentes de avaliación técnica, isto deixa de manifesto a necesidade de manter con actividade o Centro de Atención a Persoas Maiores de Trabada. Se ben é certo que o Concello pode propoñer unha alternativa de xestión a actual, a día de hoxe, non consta ningunha manifestación ao respecto e, polo tanto, parece que é necesario prever un marco xurídico que ampare a prestación para o vindeiros anos, que se está a elaborar dende este servizo, tendo en conta que no RUEPSS consta a Deputación de Lugo como entidade titular da actividade social, dentro da subcategoría administración provincial, enmarcada dentro da categoría iniciativa pública, tipoloxía miniresidencia, da Área de maiores e co data de inicio de actividade autorizada dende o 13.03.2018

Así dende Benestar Social e Igualdade no informe co CSV IV7QUC3NBRPLTOJL5QEDP3TQCA proponse unha ampliación dos efectos económicos dos actuais convenios, ata o 20.06.2026, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais dos documentos iniciais dos Convenios, sinalando que a non continuidade das prestacións reguladas nos convenios deixarían nunha situación de desamparo ás actuais persoas usuarias e deixaría sen opción de acceso a un recurso tan necesario neste momento a outras persoas que están en listaxe de agarda, ou futuras persoas demandantes deste servizos, sendo un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Trabada, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

No citado informe de Benestar Social e Igualdade trasládase á necesidade de manter un equipo interdisciplinar, cando menos cunha intensidade do 50%, co especial mención ao perfil de DUE ou ATS cuxo obrigatoriedade mudouse coa entrada en vigor Orde do 4 de decembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, a cal estableceu que se deberá contar con persoal de enfermería coa ratio de 0,02 por persoa usuaria sen dependencia ou en situación de dependencia de grao I e de 0,03 por persoa usuaria en situación de dependencia de grado II ou III.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Intervención, así como o amentado de Benestar Social e Igualdade, e que




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 12/100 |

constan aprobados gastos vinculados coa aprobación das citadas Addendas, sen prexuízo dos que podan xurdir os cales teranse que tramitar segundo o procedemento legalmente establecido, proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

1. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Trabada, cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO, INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN, ENTRE OS CONCELLOS DA PROVINCIA E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE TRABADA*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 10.04.2018 E POLO PLENO DO CONCELLO DE TRABADA O 16.05.2018]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE TRABADA O 26.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ..................... E POLO CONCELLO DE TRABADA O ................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Trabada, don Rubén García Freire con DNI.:33554903-L , que actúa en nome e representación do Concello de Trabada, con NIF: P2706100A e sede social na Rúa do Concello, 15- Trabada, da provincia de Lugo, CP 27765, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 13/100 |

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 10.04.2018 aprobar o texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Trabada*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 20.06.2018 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*

*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 02.11.2018, aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 14.11.2018.*

*CUARTO.- En base aos citado convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Trabada prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Trabada dende o 25.04.2019.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Trabada e o texto da Addenda ao Convenio Específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar o seu prazo de vixencia e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 14/100 |

*efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 23.02.2022.*

*SEXTO.- O 14.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula novena do convenio, que quedará redactada como segue:*

*“ (...)*
*Novena.- Duración do convenio interadministrativo.*

*A vixencia do presente convenio é de 8 anos a contar dende a súa formalización, aínda que con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .”*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio marco interadministrativo subscrito con data 20.06.2018 e modificado con data 23.02.2022, esta addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E para que así conste, en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente addenda ao convenio do que como secretario dou fe.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 15/100 |

*O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Trabada*

*José Tomé Roca* | *José Rubén García Freije*

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

2. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, xunto co Anexo I_CAM Trabada de estimación e previsión ingresos e gastos,cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE TRABADA, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE TRABADA.*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 02.11.2018 E POLO PLENO DO CONCELLO DE TRABADA O 24.10.2018]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE TRABADA O 26.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ...................... E POLO CONCELLO DE TRABADA O ..............]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Trabada, don Rubén García Freire con DNI.:33554903-L , que actúa en nome e representación do Concello de Trabada, con NIF: P2706100A e sede social na Rúa do Concello, 15- Trabada, da provincia de Lugo, CP 27765, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 16/100 |

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 10.04.2018 aprobar o texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Trabada.*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 20.06.2018 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*
*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 02.11.2018, aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción publica colaborativa horizontal) que se formalizou o 14.11.2018.*

*CUARTO.- En base aos citados convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Trabada prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Trabada dende o 25.04.2019.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Trabada e o texto da Addenda ao Convenio Especifico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 17/100 |

*interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar os prazos de vixencia  e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 23.02.2022.*

*SEXTO.- O 14.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Ribadeo e o texto da Addenda ao Convenio Especifico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar o seu prazo de vixencia e execución do citado convenio, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 23.02.2022.*

*SEXTO.- O 03.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 35/100 |

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente segunda addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula décimo quinta do convenio, que quedará redactada como segue:*

*“ (...)*

*Décimo quinta.- Duración deste convenio específico.*

*A duración deste convenio específico axustarase á do convenio marco interadministrativo ao que desenvolve, con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .(...)”*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio especifico subscrito con data 14.11.2018, e modificado o 23.02.2022, esta segunda addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda do convenio especifico subscrito con data 14.11.2018, e modificado o 23.02.2022, do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Ribadeo* |
| *José Tomé Roca* | *Daniel Vega Pérez* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

3. Aprobar o orzamento vinculado á aprobación das citadas Addendas cun total estimado de 891.441,47 € dende o 01.11.2025 ata o 20.06.2026 ambos incluídos coa seguinte distribución:




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 36/100 |

- 2025 (dende o 01.11.2025 ata o 31.12.2025): 232.429,37 €

- 2026 (dende o 01.01.2026 ata o 20.06.2026): 659.012,10 €

4. Dar traslado da aprobación do presente acordo ao Concello de Ribadeo, co obxecto de poder formalizalas e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=5

**6.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE POL E DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE POL, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

"Pablo Rivera Capón, en calidade de O deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, en relación ao asunto de referencia e tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, expón o seguinte:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 37/100 |

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto, a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.

O 09.03.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados nese momento, así como as que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, dando prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Neste contexto, e despois do trámites preceptivos, o Concello de Pol e a Deputación de Lugo formalizaron un Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e un Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores. Estes convenios tiveron unha modificación dos prazos da súa vixencia, mediante a formalización das addendas correspondentes. Así Convenio Marco e Convenio Específico constan vixentes neste momento e ata o 20.06.2026

A 22.09.2025 constan 36 persoas usuarias do servizo de atención residencial, 74 en lista de agarda e 77 pendentes de avaliación técnica, isto deixa de manifesto a necesidade de manter con actividade o Centro de Atención a Persoas Maiores de Pol. Se ben é certo que o Concello pode propoñer unha alternativa de xestión a actual, a día de hoxe, non consta ningunha manifestación ao respecto e, polo tanto, parece que é necesario prever un marco xurídico que ampare a prestación para o vindeiros anos, que se está a elaborar dende este servizo, tendo en conta que no RUEPSS consta a Deputación de Lugo como entidade titular da actividade social, dentro da subcategoría administración provincial, enmarcada dentro da categoría iniciativa pública, tipoloxía miniresidencia, da Área de maiores e co data de inicio de actividade autorizada dende o 02.04.2018




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 38/100 |

Así dende Benestar Social e Igualdade no informe co CSV IV7TGDYY3RJDXPG56EIVE7QR4I proponse unha ampliación dos efectos económicos dos actuais convenios, ata o 20.06.2026, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais dos documentos iniciais dos Convenios, sinalando que a non continuidade das prestacións reguladas nos convenios deixarían nunha situación de desamparo ás actuais persoas usuarias e deixaría sen opción de acceso a un recurso tan necesario neste momento a outras persoas que están en listaxe de agarda, ou futuras persoas demandantes deste servizos, sendo un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Pol, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

No citado informe de Benestar Social e Igualdade trasládase á necesidade de manter un equipo interdisciplinar, cando menos cunha intensidade do 50%, co especial mención ao perfil de DUE ou ATS cuxo obrigatoriedade mudouse coa entrada en vigor Orde do 4 de decembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, a cal estableceu que se deberá contar con persoal de enfermería coa ratio de 0,02 por persoa usuaria sen dependencia ou en situación de dependencia de grao I e de 0,03 por persoa usuaria en situación de dependencia de grado II ou III.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Intervención, así como o amentado de Benestar Social e Igualdade, e que constan aprobados gastos vinculados coa aprobación das citadas Addendas, sen prexuízo dos que podan xurdir os cales teranse que tramitar segundo o procedemento legalmente establecido, proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

1. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Pol cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO, INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN, ENTRE OS CONCELLOS DA PROVINCIA E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE POL*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 39/100 |

*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 10.04.2018 E POLO PLENO DO CONCELLO DE POL O 07.06.2018]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE POL O 28.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ................. E POLO CONCELLO DE POL O .....................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Pol, don Lino Rodriguez Ónega, con D.N.I.:33.814.168-M, que actúa en nome e representación do Concello de Pol, con NIF: P2704600B e sede social na Praza de Galicia, 1 Mosteiro- Pol, da provincia de Lugo, CP 27270, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 10.04.2018 dar aprobación ao texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Pol.*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 20.06.2018 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital,*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 40/100 |

*familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*
*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 30.11.2018, aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 12.12.2018.*

*CUARTO.- En base aos citado convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Pol prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Pol dende o 01.06.2019.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Pol, e o texto da Addenda ao Convenio Especifico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, co obxecto de prorrogar o seu prazo de vixencia e execución do citado convenio, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 02.03.2022.*

*SEXTO.- O 03.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente segunda addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 41/100 |

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula novena do convenio, que quedará redactada como segue:*

*" (...)*

*Novena.- Duración do convenio interadministrativo.*
*A vixencia do presente convenio é de 8 anos a contar dende a súa formalización, aínda que con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ."*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio marco interadministrativo subscrito con data 20.06.2018 e modificado con data 02.03.2022, esta addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*
*E para que así conste, en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente addenda ao convenio do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Pol* |
| *José Tomé Roca* | *Lino Rodríguez Ónega* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

2. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, xunto co Anexo I_CAM Pol de estimación e previsión ingresos e gastos, cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE POL, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE POL.*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 30.11.2018 E POLO PLENO DO CONCELLO DE POL O 26.10.2018]*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 42/100 |

*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE POL O 28.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O .................. E POLO CONCELLO DE POL O .....................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Pol, don Lino Rodriguez Ónega, con D.N.I.:33.814.168-M, que actúa en nome e representación do Concello de Pol, con NIF: P2704600-B e sede social na Praza de Galicia, 1 Mosteiro- Pol, da provincia de Lugo, CP 27270, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda de modificación e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 10.04.2018 aprobar o texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Pol.*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 20.06.2018 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 43/100 |

*territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*

*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 30.11.2018, aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 12.12.2018.*

*CUARTO.- En base aos citados convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Pol prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Pol dende o 01.06.2019.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Pol, e o texto da addenda ao Convenio Especifico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar o seu prazo de vixencia e execución do citado convenio, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con de efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 02.03.2022.*

*SEXTO.- O 03.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 44/100 |

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula décimo quinta do convenio, que quedará redactada como segue:*

*“ (...)*

*Décimo quinta.- Duración deste convenio específico.*

*A duración deste convenio específico axustarase á do convenio marco interadministrativo ao que desenvolve, con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .(...)”*
*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio especifico subscrito con data 12.12.2018, e modificado o 02.03.2022, esta segunda addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda o convenio especifico subscrito con data 12.12.2018 e modificado o 02.03.2022, do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Pol* |
| *José Tomé Roca* | *Lino Rodríguez Ónega* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

3. Aprobar o orzamento vinculado á aprobación das citadas Addendas cun total estimado de 730.203,45 € dende o 01.11.2025 ata o 20.06.2026 ambos incluídos coa seguinte distribución:

- 2025 (dende o 01.11.2025 ata o 31.12.2025): 190.376,60 €

- 2026 (dende o 01.01.2026 ata o 20.06.2026): 539.826,85 €




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 45/100 |

4. Dar traslado das citadas Addendas ao Concello de Pol para a súa aprobación, co obxecto de poder formalizalas e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=6

**7.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO E DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón, en calidade de O deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, en relación ao asunto de referencia e tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, expón o seguinte:

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación



| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 46/100 |

sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto, a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.

O 09.03.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados nese momento, así como as que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, dando prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Neste contexto, e despois do trámites preceptivos, o Concello de Pedrafita do Cebreiro e a Deputación de Lugo formalizaron un Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e un Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores. Estes convenios tiveron unha modificación dos prazos da súa vixencia, mediante a formalización das addendas correspondentes. Así Convenio Marco e Convenio Específico constan vixentes neste momento e ata o 20.06.2026

A 22.09.2025 constan 30 persoas usuarias do servizo de atención residencial, 59 en lista de agarda e 54 pendentes de avaliación técnica, isto deixa de manifesto a necesidade de manter con actividade o Centro de Atención a Persoas Maiores de Pedrafita do Cebreiro. Se ben é certo que o Concello pode propoñer unha alternativa de xestión a actual, a día de hoxe, non consta ningunha manifestación ao respecto e, polo tanto, parece que é necesario prever un marco xurídico que ampare a prestación para o vindeiros anos, que se está a elaborar dende este servizo, tendo en conta que no RUEPSS consta a Deputación de Lugo como entidade titular da actividade social, dentro da subcategoría administración provincial, enmarcada dentro da categoría iniciativa pública, tipoloxía minirresidencia, da Área de maiores e co data de inicio de actividade autorizada dende o 02.06.2021.

Así dende Benestar Social e Igualdade no informe co CSV IV7TGCQDDVMNURGTZQHSJ57CGA proponse unha ampliación dos efectos económicos dos actuais convenios, ata o 20.06.2026, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais dos documentos iniciais dos Convenios,




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 47/100 |

sinalando que a non continuidade das prestacións reguladas nos convenios deixarían nunha situación de desamparo ás actuais persoas usuarias e deixaría sen opción de acceso a un recurso tan necesario neste momento a outras persoas que están en listaxe de agarda, ou futuras persoas demandantes deste servizos, sendo un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

No citado informe de Benestar Social e Igualdade trasládase á necesidade de manter un equipo interdisciplinar, cando menos cunha intensidade do 50%, co especial mención ao perfil de DUE ou ATS cuxo obrigatoriedade mudouse coa entrada en vigor Orde do 4 de decembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, a cal estableceu que se deberá contar con persoal de enfermería coa ratio de 0,02 por persoa usuaria sen dependencia ou en situación de dependencia de grao I e de 0,03 por persoa usuaria en situación de dependencia de grado II ou III.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Intervención, así como o amentado de Benestar Social e Igualdade, e que constan aprobados gastos vinculados coa aprobación das citadas Addendas, sen prexuízo dos que podan xurdir os cales teranse que tramitar segundo o procedemento legalmente establecido, proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

1. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Pedrafita do Cebreiro,cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO, INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN, ENTRE OS CONCELLOS DA PROVINCIA E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 13.04.2018 E POLO PLENO DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO O 10.05.2018]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO O 27.01.2022]*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 48/100 |

*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O .................... E POLO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO O ................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro, don José Luis Raposo Magdalena, con D.N.I.:76.560.804-Z, que actúa en nome e representación do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con NIF: P2704500-D e sede social na Praza de España, 2- Pedrafita do Cebreiro, da provincia de Lugo, CP 27670, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 13.04.2018 aprobar o texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Pedrafita do Cebreiro.*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 20.06.2018 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 49/100 |

*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 24.05.2019, aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 10.07.2020.*

*CUARTO.- En base aos citado convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Pedrafita do Cebreiro prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Pedrafita do Cebreiro dende o 01.12.2021.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Pedrafita do Cebreiro e o texto da Addenda ao Convenio Específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar o seu prazo de vixencia e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con de efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 07.03.2022.*

*SEXTO.- O 02.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*
*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula novena do convenio, que quedará redactada como segue:*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 50/100 |

*“ (...)*

*Novena.- Duración do convenio interadministrativo.*

*A vixencia do presente convenio é de 8 anos a contar dende a súa formalización, aínda que con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .”*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio marco interadministrativo subscrito con data 20.06.2018 e modificado con data 07.03.2022, esta addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E para que así conste, en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente addenda ao convenio do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro* |
| *José Tomé Roca* | *José Luís Raposo Magdalena* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

2. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, xunto co Anexo I_CAM Pedrafita do Cebreiro de estimación e previsión ingresos e gastos,cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 51/100 |

*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 24.05.2019 E POLO PLENO DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO O 12.03.2020]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO O 27.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ......................E POLO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO O ..............]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro, don José Luis Raposo Magdalena, con D.N.I.:76.560.804-Z, que actúa en nome e representación do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con CIF: P2704500-D e sede social na Praza de España, 2- Pedrafita do Cebreiro, da provincia de Lugo, CP 27670, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*E para que así conste, en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda ao convenio subscrito con data 20.06.2018, e modificado con data 02.03.2022 do que como secretario dou fe.*

*O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Fonsagrada*

*José Tomé Roca* | *Carlos López López*

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

*2. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, xunto co Anexo I_CAM Fonsagrada de estimación e previsión ingresos e gastos, cuxo contido é o seguinte:*

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DA FONSAGRADA, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DA FONSAGRADA*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 30.11.2018 E POLO PLENO DO CONCELLO DA FONSAGRADA O 13.11.2018]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DA FONSAGRADA O 13.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ............... E POLO CONCELLO DA FONSAGRADA O ...................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Fonsagrada, don Carlos López López, con D.N.I.: 76.571.121-G, que actúa en nome e representación do Concello da Fonsagrada, con NIF: P2701800A e sede social na Praza do Concello, S/N – A Fonsagrada, da provincia de Lugo, CP 27100, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*



| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 69/100 |

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda de modificación e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 10.04.2018 dar aprobación ao texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello da Fonsagrada.*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 20.06.2018 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*

*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 30.11.2018, aprobar o texto do Convenio especifico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 12.12.2018.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 70/100 |

*CUARTO.- En base aos citados convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello da Fonsagrada prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Fonsagrada dende o 11.02.2020.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Especifico, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello da Fonsagrada e o texto da Addenda ao Convenio Especifico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar os prazos de vixencia e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con de efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 02.03.2022.*

*SEXTO.- O 02.10.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula décimo quinta do convenio, que quedará redactada como segue:*

*“ (...)*

*Décimo quinta.- Duración deste convenio específico.*

*A duración deste convenio específico axustarase á do convenio marco interadministrativo ao que desenvolve, con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .(...)”*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 71/100 |

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio especifico subscrito con data 12.12.2018, e modificado o 02.03.2022, esta segunda addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda do convenio especifico subscrito con data 12.12.2018, e modificado o 02.03.2022, do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Fonsagrada* |
| *José Tomé Roca* | *Carlos López López* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

3. Aprobar o orzamento vinculado á aprobación das citadas Addendas cun total estimado de 597.447,09 € dende o 01.11.2025 ata o 20.06.2026 ambos incluídos coa seguinte distribución:

- 2025 (dende o 01.11.2025 ata o 31.12.2025): 155.658,99 €

- 2026 (dende o 01.01.2026 ata o 20.06.2026): 441.788,10 €

4. Dar traslado das citadas Addendas ao Concello de Fonsagrada para a súa aprobación, co obxecto de poder formalizalas e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 72/100 |

(correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=9

**10.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE CASTROVERDE E DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE CASTROVERDE, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

"Pablo Rivera Capón, en calidade de O deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, en relación ao asunto de referencia e tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, expón o seguinte:

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto, a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.

O 09.03.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados nese momento, así como as que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, dando



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 73/100 |

prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Neste contexto, e despois do trámites preceptivos, o Concello de Castroverde e a Deputación de Lugo formalizaron un Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e un Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores. Estes convenios tiveron unha modificación dos prazos da súa vixencia, mediante a formalización das addendas correspondentes. Así Convenio Marco e Convenio Específico constan vixentes neste momento e ata o 20.06.2026 o Convenio Marco e ata o 31.10.25 o Convenio Especifico.

A 22.09.2025 constan 30 persoas usuarias do servizo de atención residencial, 79 en lista de agarda e 76 pendentes de avaliación técnica, isto deixa de manifesto a necesidade de manter con actividade o Centro de Atención a Persoas Maiores de Castroverde. Se ben é certo que o Concello pode propoñer unha alternativa de xestión a actual, a día de hoxe, non consta ningunha manifestación ao respecto e, polo tanto, parece que é necesario prever un marco xurídico que ampare a prestación para o vindeiros anos, que se está a elaborar dende este servizo, tendo en conta que no RUEPSS consta a Deputación de Lugo como entidade titular da actividade social, dentro da subcategoría administración provincial, enmarcada dentro da categoría iniciativa pública, tipoloxía miniresidencia, da Área de maiores e co data de inicio de actividade autorizada dende o 08.01.2018.

Así dende Benestar Social e Igualdade no informe co CSV IV7TG227PBNMZOX625OUK5ABOA proponse unha ampliación dos efectos económicos dos actuais convenios, ata o 20.06.2026, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais dos documentos iniciais dos Convenios, sinalando que a non continuidade das prestacións reguladas nos convenios deixarían nunha situación de desamparo ás actuais persoas usuarias e deixaría sen opción de acceso a un recurso tan necesario neste momento a outras persoas que están en listaxe de agarda, ou futuras persoas demandantes deste servizos, sendo un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Castroverde, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

No citado informe de Benestar Social e Igualdade trasládase á necesidade de manter un equipo interdisciplinar, cando menos cunha intensidade do 50%, co especial mención ao perfil de DUE ou ATS cuxo obrigatoriedade mudouse coa entrada en vigor Orde do 4 de decembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 74/100 |

das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, a cal estableceu que se deberá contar con persoal de enfermería coa ratio de 0,02 por persoa usuaria sen dependencia ou en situación de dependencia de grao I e de 0,03 por persoa usuaria en situación de dependencia de grado II ou III.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Intervención, así como o amentado de Benestar Social e Igualdade, e que constan aprobados gastos vinculados coa aprobación das citadas Addendas, sen prexuízo dos que podan xurdir os cales teranse que tramitar segundo o procedemento legalmente establecido, proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

1. Aprobar o texto da Segunda Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Castroverde cuxo contido é o seguinte:

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO MARCO, INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN, ENTRE OS CONCELLOS DA PROVINCIA E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA IMPLANTAR E EXECUTAR UN SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE CASTROVERDE*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 13.12.2019 E POLO PLENO DO CONCELLO DE CASTROVERDE O 13.11.2019]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE CASTROVERDE O 27.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ................ E POLO CONCELLO DE CASTROVERDE O ..................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Castroverde, don Xosé Maria Arias Fernández, con D.N.I.: 33.311.724-L, que actúa en nome e representación do Concello de Castroverde, con NIF: P2700000I e sede social na Praza do Concello, 2- Castroverde, da provincia de Lugo, CP 27120, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 75/100 |

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 13.12.2019 dar aprobación ao texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Castroverde.*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 14.01.2020 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*
*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 31.07.2020, aprobar o texto do Convenio específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 11.08.2020.*

*CUARTO.- En base aos citados convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Castroverde prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Castroverde dende o 12.01.2021.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 76/100 |

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Castroverde, e o texto da Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar os prazos de vixencia e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con de efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 07.03.2022.*

*SEXTO.- O 30.09.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente segunda addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula novena do convenio, que quedará redactada como segue:*

*“ (...)*

*Novena.- Duración do convenio interadministrativo.*
*A vixencia do presente convenio é dende a súa formalización ata o 20.06.2026, aínda que con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .”*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio interadministrativo subscrito con data 14.01.2020, e modificado con data 07.03.2022, esta segunda addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 77/100 |

*E para que así conste, en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda ao convenio subscrito con data 14.01.2020, e modificado con data 07.03.2022, do que como secretario dou fe.*

| | |
|---|---|
| *O Presidente* | *O alcalde-presidente do Concello de Castroverde* |
| *José Tomé Roca* | *Xosé María Arias Fernández* |

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

*SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE CASTROVERDE, NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.*

*CONVENIO BILATERAL DEPUTACIÓN DE LUGO - CONCELLO DE CASTROVERDE.*
*[APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN O 31.07.2020 E POLO PLENO DO CONCELLO DE CASTROVERDE O 21.07.2020]*
*[ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O 28.12.2021 E POLO CONCELLO DE CASTROVERDE O 27.01.2022]*
*[2ª ADDENDA APROBADA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O ................ E POLO CONCELLO DE CASTROVERDE O ....................]*

*En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)*

*REUNIDOS*

*Dunha parte o Alcalde do Concello de Castroverde, don Xosé Maria Arias Fernández, con D.N.I.: 33.311.724-L, que actúa en nome e representación do Concello de Castroverde, con NIF: P2701100-F e sede social na Praza do Concello, 2- Castroverde, da provincia de Lugo, CP 27120, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 78/100 |

*Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos desta segunda addenda de modificación e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 13.12.2019 dar aprobación ao texto do Convenio Marco Interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo – Concello de Castroverde.*

*SEGUNDO.- As partes asinaron o citado Convenio Marco o 14.01.2020 co obxectivo de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores, así como, para implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social e para establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.*

*TERCEIRO.- O Convenio marco sinalaba que complementaríase, respectando o seu contido, cun convenio específico co Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar. Así a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou, en sesión realizada o 31.07.2020,aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación de servicios no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) que se formalizou o 11.08.2020.*

*CUARTO.- En base aos citados convenios Marco e Específico a Deputación de Lugo conxuntamente co Concello de Castroverde prestan os servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Castroverde dende o 12.01.2021.*

*QUINTO.- O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo deu aprobación á Addenda ao Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 79/100 |

*Castroverde, e o texto da Addenda ao Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación co obxecto de prorrogar os prazos de vixencia e execución dos citados convenios, quedando establecida a vixencia ata o 20.06.2026, con efectos económicos ata o 31.10.2025. Estas addendas foron formalizadas entre as partes o 07.03.2022.*

*SEXTO.- O 30.09.2025 informouse por parte de Benestar Social e Igualdade da procedencia de ampliar o prazo dos efectos económicos do Convenio Marco interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para a execución dos fins comúns consistentes na prestación de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores, así como, do prazo dos efectos económicos da execución do Convenio Específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente segunda addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula décimo quinta do convenio, que quedará redactada como segue:*

*“ (...)*

*Décimo quinta.- Duración deste convenio específico.*

*A duración deste convenio específico axustarase á do convenio marco interadministrativo ao que desenvolve, con efectos económicos desde a data de acceso das persoas usuarias ao centro de atención a maiores ata o 20.06.2026, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .(...)”*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio especifico subscrito con data 11.08.2020, e modificado o 07.03.2022, esta segunda addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 80/100 |

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente segunda addenda do convenio especifico subscrito con data 11.08.2020, e modificado o 07.03.2022, do que como secretario dou fe.*

*O Presidente* *O alcalde-presidente do Concello de Castroverde*

*José Tomé Roca* *Xosé María Arias Fernández*

*O Secretario Xeral*

*José Antonio Mourelle Cillero*

3. Aprobar o orzamento vinculado á aprobación das citadas Addendas cun total estimado de 620.369,23 € dende o 01.11.2025 ata o 20.06.2026 ambos incluídos coa seguinte distribución:

- 2025 (dende o 01.11.2025 ata o 31.12.2025): 161.637,28 €

- 2026 (dende o 01.01.2026 ata o 20.06.2026): 458.731,95 €

4. Dar traslado das citadas Addendas ao Concello de Castroverde para a súa aprobación, co obxecto de poder formalizalas e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=10

--oo0oo—




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 81/100 |

**11.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE OS ORZAMENTOS DE 2026 SALDEN A DÉBEDA CONTRAÍDA COAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS POLA PRESTACIÓN DE COMPETENCIAS IMPROPIAS E INCLÚAN PARTIDAS QUE GARANTAN A PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS NO RURAL.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta de goberno indicada no epígrafe, que di o seguinte:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de representante do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno para reclamar á Xunta de Galicia que os orzamentos de 2026 salden a débeda contraída coas administracións locais pola prestación de competencias impropias e inclúan partidas que garantan a prestación de servizos públicos no rural.

Un ano máis, ó chegaren estas datas, a Xunta de Galicia pon en marcha a súa maquinaria propagandística para xerar o clima de que prepara uns novos orzamentos de récord. Cada ano, a Xunta dispón de máis cartos, como se iso lle servise de escusa para disimular a baixa calidade dos servizos que reciben os galegos e as galegas, a súa falta de política industrial o a incapacidade para desenvolver, con sucesivos orzamentos récord, a rede de transportes intracomunitaria que é da súa competencia

O pasado día 14, nunha desas notas propagandísticas, a Xunta gabábase de incrementar ata 187M€ o Fondo de Cooperación Local, ese Fondo que ten conxelado dende o ano 2010 e que reparte con criterios partidistas. A escaseza deste incremento queda de manifesto ca sinxela operación matemática de dividir os fondos entre os 313 concellos galegos. O resultado é de menos de 600.000 euros por concello. Dito doutro xeito, a Xunta, cun orzamento cen veces maior que esta deputación, lle vai dar a concellos como Monforte ou Mondoñedo máis ou menos o mesmo que reciben do plan Deputación.

A débeda da Xunta cos concellos foi cifrada pola FEGAMP en arredor duns 600M€, que é o que lle custa ós concellos galegos levar adiante as competencias impropias que a Xunta fai recaer nos concellos. Unha práctica que non parou nen durante a pandemia, cando o goberno autonómico lle encargou ós concellos no a limpeza, senón a desinfección dos centros educativos. Por iso a propia FEGAMP está a reclamar que a Xunta asuma a totalidade do custo do Servizo de Axuda no Fogar, incrementado ano a




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 82/100 |

ano polo envellecemento da poboación e a falla de residencias públicas. Ou os gastos derivados da decisión da Xunta de facer de balde as escolas infantís municipais, ca súa peculiar política de invitar a costa do peto doutros.

En xullo do ano 2024, o presidente Rueda aseguraba que a prestación dos servizos públicos no rural galego implicaba para a Xunta un sobrecusto de 500M€, e reclamaba ó Estado unha reforma do sistema de financiamento autonómico que tivese en conta esa situación e garantise eses fondos. Tendo en conta que na actualidade, a prestación dos servizos públicos no rural galego -educación, sanidade e servizos sociais- é absolutamente deficiente, a demanda do presidente Rueda parece inxustificada. Por iso lle propoñemos que a Xunta incremente neses 500M€ os investimentos nos concellos. Para garantir a prestación en condicións de igualdade e facer ben as contas antes de reclamar a terceiros.

A Deputación de Lugo mantén o seu compromiso de servizo ós concellos e defensa do municipalismo. A autonomía e a suficiencia financeira dos concellos é imprescindible para garantir a prestación de servizos ós veciños e veciñas, para garantir o equilibrio territorial e para loitar con eficacia contra as ameazas do reto demográfico. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo reclame á Xunta de Galicia:

1.- Que os orzamentos de 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local para saldar a débeda de 600 millóns de euros que a Xunta mantén cos concellos pola prestación de competencias impropias.

2.- Que os orzamentos de 2026 incorporen partidas destinadas a garantir a prestación de servizos públicos no rural en plena igualdade co entorno urbano, rematando ca política de recortes levada a cabo polos sucesivos gobernos do PP.

3.- Que de acordo cas estimacións do propio presidente Rueda, as partidas reclamadas no punto anterior se sitúen arredor dos 500 millóns de euros, que o presidente calcula como necesarios para a prestación duns servizos públicos plenos e iguais no rural, circunstancia que a día de hoxe non se cumpre."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 83/100 |

Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=11

**12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO QUE A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA DE LUGO MANTEÑA O SEU CARÁCTER DE CENTRO AUTÓNOMO EN CASO DE SER INTEGRADO NA USC.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe a teor do seguinte texto:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción reclamando que a Escola Universitaria de Enfermería de Lugo manteña o seu carácter de centro autónomo en caso de ser integrado na USC.

Hai case dous anos, en novembro de 2023, a sociedade lucense uniu as súas forzas para evitar a perda de titulacións na Escola Politécnica Superior de Lugo, evitando que se perdesen os graos de Enxeñería Agrícola e Forestal. Agora, un esforzo semellante parece necesario para garantir a continuidade do proxecto formativo que representa a Escola Universitaria de Enfermería, un centro senlleiro de formación, con prestixio recoñecido, que leva formando profesionais durante máis de 50 anos.

Como adoita suceder cos procesos postos en marcha pola Xunta de Galicia, a proposta de integración da Escola na USC preséntase de xeito pouco claro, nunha nebulosa sen calendario definido, e sen máis aclaracións que a creación dunha comisión. En medio desta falta de definición, a intención da Xunta parece ser a de integrar a Escola non como un centro propio da USC, senón como unha sección da Facultade de Enfermería de Santiago.

Que a Escola deixe de depender do Servizo Galego de Saúde e pase a integrarse plenamente na USC, na que xa figura como centro adscrito, non é o problema. O problema é que nun momento en que se reclama a urxencia de formar máis profesionais de enfermería, se poña en cuestión a personalidade e a continuidade dun centro. Porque como ben dixo o alcalde de Lugo no mes de xullo, é moito máis doado pechar unha sección que pechar un centro autónomo.



| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 84/100 |

Entendemos que calquera evolución da Escola ten que manter a súa personalidade, porque mal premio sería para a súa traxectoria destas décadas vela degradada á categoría de simple sección. O mantemento do perfil propio, como escola ou mesmo como facultade no futuro, abriría a porta a novas titulacións ou masters relacionados coa Fisioterapia ou a Podoloxía, áreas de demanda crecente ante o envellecemento da poboación. A USC conta nos campus de Lugo e Santiago con dúas facultades, de Formación do Profesorado e de Ciencias da Educación, sen que iso supoña problema algún para os estudantes ou a calidade docente. E a duplicidade de centros de enfermería prodúcese, tamén sen problemas, nas universidades veciñas de León ou Asturias.

Dende o noso compromiso co ensino superior público, os socialistas lucenses vimos apostando polo carácter universitario como un sinal fundamental da nosa provincia. O campus de Lugo, con proxectos de éxito como o Campus Terra, e centros de referencia como a facultade de Veterinaria, a Escola Politécnica ou esta Escola Universitaria de Enfermería, é un piar de desenvolvemento e unha ferramenta de futuro que cumpre facer medrar con sentido, non minguar de xeito irreflexivo. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para reclamar á Xunta de Galicia:

1.- Que explique con claridade cal é a causa da pretensión do proceso de integración da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo na Universidade de Santiago de Compostela.

2.- Que garanta a preservación do status da Escola como centro autónomo como Facultade se cumpre os criterios para esta denominación, ou como Escola Universitaria de non cumprilos.

3.- Que garanta a continuidade do profesorado e persoal auxiliar, do seu proxecto educativo e dos medios precisos para seguir medrando na excelencia formativa que ven caracterizando a esta Escola ó longo da súa dilatada historia.

4.- Que se teñan en conta as achegas e reivindicacións dos profesores, dos alumnos, do Colexio de Enfermería de Lugo e do conxunto das administracións e da sociedade civil lucenses, preocupadas polo que consideran unha nova ameaza ó futuro do noso Campus universitario.

5.- Que a Xunta achegue á USC os fondos precisos para manter non só a personalidade propia da Escola Universitaria de Lugo, senón para que esta poda contribuír de xeito relevante a paliar a falla de profesionais nese eido que están a detectar as autoridades sanitarias e o conxunto da sociedade."




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 85/100 |

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=12

**13.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E DA NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

"O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción en apoio ás reivindicacións do día 25 de novembro e da necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista.

*Exposición de motivos:*

Neste 2025 cumpríronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 86/100 |

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal e os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.
Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o medre da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa ás vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada das e dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, eliminouse a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a Xunta de Galiza só destina a prevención un 3% dos recursos. Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descansando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o BNG, no ano 2024 a Xunta privatizaba os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a súa información.

A privatización, precarización ou carencia de servizos públicos son un obstáculo na loita contra a violencia machista. É por iso que é fundamental tanto acrecentar os recursos económicos para este ámbito como reforzar os servizos públicos. Algo tan sensible como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular como Eulen ou OHL e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 87/100 |

Neste 2025 cúmprense tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, que coincide coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No 2024 foron asasinadas, segundo as estatísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vai de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e polo tanto as institucións deben reaccionar reforzando recursos e servizos públicos.

Por estes motivos, o Grupo Provincial do BNG denunciamos que o negacionismo da violencia machista é unha forma de violencia machista e reafirma o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e, así mesmo, anima á veciñanza da localidade a secundar as mobilizacións do movemento feminista galego.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno da XUNTA de Galiza, dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

   a) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións



| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 88/100 |

con publicidade e concorrencia e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.

b) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.
c) Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."
Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=13

**14.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA MEDIDAS URXENTES PARA O CONTROL DA EXPANSIÓN DA DERMATOSE NODULAR CONTAXIOSA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 89/100 |

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para solicitar á Xunta de Galiza medidas urxentes para o control da expansión da dermatose nodular contaxiosa.

*Exposición de motivos:*

A Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) dos bóvidos é unha enfermidade vírica do gando vacún, producida polo virus da familia *Poxviridae*, xénero *Capripoxvirus*, que se caracteriza por febre, nódulos na pel, en membranas mucosas e órganos internos, extenuación, inflamación dos nódulos linfáticos, edema cutáneo e ás veces a morte.

A enfermidade causa un descenso na produción, particularmente nas vacas de leite. Tamén causa danos na pel que a fan ser inservible para o seu uso industrial, a parte do risco de diseminación da propia enfermidade.

A Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) é unha enfermidade de declaración obrigatoria segundo o Real Decreto 779/2023 e está clasificada pola Unión Europea como de categoría A, o que implica a obriga de adoptar medidas inmediatas para a súa erradicación. O virus transmítese con facilidade entre animais e tamén a través de vectores como moscas, tabáns e carrachas, provocando perdas produtivas moi elevadas.
Dacordo coa normativa vixente, a detección de brotes da enfermidade notificarase de acordo co Regulamento de Execución (UE) 2020/2002 da Comisión, do 7 de decembro de 2020, polo que se establecen normas de aplicación do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á notificación e presentación de informes á UE sobre as enfermidades da lista, así como aos formatos e procedementos para a presentación e o envío de informes relacionados cos programas de vixilancia e erradicación da U.E. e coa solicitude de recoñecemento da condición de libre de enfermidades.

A detección da Dermatose Nodular Contaxiosa deuse por primeira vez en Italia no mes de xuño deste presente ano, cunha cantidade de gromos que ascende na actualidade segundo cifras recentes trasladadas polo MAPA a 55 e o seu posterior avance cara Francia con detección de casos positivos nese mesmo mes e 77 gromos diagnosticados ate estas semanas pasadas.

Nas últimas dúas semanas, os servizos veterinarios oficiais da Generalitat de Cataluña detectaron unha decena de focos, todos localizados na provincia de Girona. Esta situación é moi preocupante ao respecto da sanidade animal do sector gandeiro



| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 90/100 |

galego, especificamente no gando bovino, tanto de carne coma de leite, susceptible de verse afectado.

Nos últimos datos ofrecidos polo IGE, o número de bovinos rexistrados no país ascende a máis de 900.000 animais, repartidos en case 25.000 explotacións gandeiras, tanto de aptitude cárnica coma leiteira, que veñen de sufrir a incidencia tanto da EHE coma da lingua azul nas pasadas campañas, dúas enfermidades víricas que deixaron un regueiro de gromos e animais mortos nestes dous últimos anos.

Agora, coa ameaza da Dermatose Nodular Contaxiosa, transmitida por vectores que son insectos, a preocupación do sector gandeiro sobre a posibilidade da súa chegada a Galiza aumenta, de xeito que precisa dunha resposta por parte da autoridade competente, neste caso a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galiza.

Polo o exposto anteriormente e a existencia da posibilidade de que a Dermatose Nodular Contaxiosa chegue ao noso país, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Reclamar á Xunta de Galiza, en coordinación co Ministerio de Agricultura do Estado Español, a máxima dilixencia no establecemento das medidas de prevención, control e información necesarias que eviten a chegada e expansión do virus DNC na provincia de Lugo e en todo o territorio galego.

2.- Demandar da Xunta de Galiza a tramitación de urxencia ante o Banco de vacinas europeo, da subministración necesaria de vacinas fronte á Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC), como no caso de Cataluña, ante unha eventual extensión a Galiza e a necesidade dunha vacinación de emerxencia.

3.- Solicitar á Xunta de Galiza a posta en marcha de campañas informativas e de divulgación tanto das medidas preventivas necesarias coma dos riscos aos que nos enfrontamos ao respecto da chegada da D.N.C. ao noso país dirixidas ao sector gandeiro e do transporte de gando, garantindo que a información chegue de xeito directo e eficaz aos titulares das granxas.

4.- Instar á Xunta de Galiza á posta en marcha dun plan de control de todos os animais que entran en Galiza procedentes de zonas con casos positivos, valorando o risco que implica o seu traslado na actualidade e inspeccionando os animais de ser preciso para evitar contaxios no gando galego.

5.- Solicitar á Xunta de Galiza a análise detallada dos riscos aos que estamos expostos no país avaliando o número de animais importados ao noso territorio e a súa




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 91/100 |

procedencia, transmitíndolle a necesidade da vixilancia reforzada de todos os que axentes implicados: operadores que transportan gando, servizo veterinario oficial e técnicos das Agrupacións de Defensa Sanitaria (ADS), así como o persoal implicado no desenvolvemento dos mercados de gando.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=14

**15.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A ATENDER AO ACORDO PLENARIO DO CONCELLO DE PARADELA PARA A SINATURA DUN CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS EN VARIOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para instar á Deputación de Lugo a atender ao acordo plenario do concello de Paradela para a sinatura dun convenio interadministrativo de cooperación para o financiamento de obras en varios núcleos de poboación.

*Exposición de motivos*

O pasado 31 de xullo de 2025 en sesión ordinaria o Pleno do Concello de Paradela adoptou por unanimidade dos seus membros presentes (7 votos: 4 do Grupo Municipal do P.P. e 3 do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE) un acordo para solicitar á



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 92/100 |

Excma. Deputación de Lugo a subscrición dun convenio de colaboración entre o Concello de Paradela e a institución provincial para o financiamento das obras de "Pavimentación e mellora dos accesos a Mazo, Ferreira, Cerxedo, Reigañas, Santalla, Pol, Pacios e Tellada" cun orzamento total de 422.325,78 €.

Actualmente, as vías referidas atópanse moi deterioradas e o Concello de Paradela carece dos medios materiais, económicos e persoais para a execución directa das obras; pero está interesado en executar as actuacións mediante un convenio interadministrativo de cooperación coa Excma. Deputación Provincial de Lugo que permita o financiamento e execución dos investimentos necesarios tendo en conta que a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, é unha competencia propia das Deputacións, como estable o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

O acordo adoptado por unanimidade do Pleno do Concello de Paradela é o seguinte:

*"Primeiro.- Prestar aprobación á solicitude dun convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial de Lugo para a execución do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DOS ACCESOS A MAZO, FERREIRA, CERXEDO, REIGAÑAS, SANTALLA, POL, PACIOS E TELLADA".*

*Segundo.- Comprometerse a poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.*

*Terceiro.- Comprometerse á renuncia expresa a reter da achega desta Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.*

*Cuarto.- Comprometerse a que o Concello, sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.*

*Quinto.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, Dª María Montserrat Mulet Sar, para a sinatura de todos aqueles documentos necesarios para a tramitación deste expediente.*

*Sexto.- Remitir o presente acordo á Excma. Deputación Provincial de Lugo para o seu coñecemento xeral e aos efectos oportunos".*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 93/100 |

Polo tanto, semella preciso que a Deputación de Lugo dea resposta a esa demanda unánime e xustificada dun municipio desta provincia ratificada, ademais, a través dun acordo plenario.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a atender ao acordo plenario do Concello de Paradela para a sinatura dun convenio interadministrativo de cooperación entre ambas entidades para o financiamento das obras de "Pavimentación e mellora dos accesos a Mazo, Ferreira, Cerxedo, Reigañas, Santalla, Pol, Pacios e Tellada" cun orzamento total de 422.325,78 €."

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. José Tomé Roca, dos señores/as Deputados/as Dª. Mª. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e Dª. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=15

**16.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA QUE O EQUIPO DE GOBERNO PROVINCIAL ATENDA NECESIDADES DOS 67 CONCELLOS NO PROXECTO DE ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A ANUALIDADE 2026.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 94/100 |

para que o equipo de goberno provincial atenda necesidades dos 67 concellos no proxecto de orzamentos da Deputación de Lugo para a anualidade 2026.

*Exposición de motivos*

A Lei Reguladora das Facendas Locais recolle sobre os orzamentos no seu artigo 169.2 que a aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación haberá de realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.

Pero tamén sinala no seu artigo 168.4 que o presidente da entidade formará o presuposto xeral e o remitirá, informado pola Intervención e con anexos e documentación complementaria (...) ao Pleno da corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

Toda vez que a día de hoxe non ten presentado ningún proxecto de orzamento para a anualidade 2026, o presidente está a incumprir a lei neste punto.

Pero non é ese o único incumprimento por parte da Deputación de Lugo; xa que desatende varias das funcións que lle son atribuídas na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local como son, por exemplo:

- A coordinación dos servizos municipais entre si para a asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

- A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

- A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial.

E para recoller no proxecto de orzamento para o 2026 os fondos necesarios para facer fronte ás necesidades dos 67 concellos da provincia, parece lóxico que o presidente e o goberno provincial deberían, non só escoitar ao grupo maioritario da corporación co obxectivo de buscar o máximo consenso posible, senón aos alcaldes de toda a provincia para coñecer de primeira man aquelas necesidades nos distintos concellos que, atendendo ás competencias que a lei lle outorga ás deputacións



| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 95/100 |

provinciais, poidan requirir investimento por parte da Deputación de Lugo e telas en conta á hora de elaborar o orzamento para o ano 2026.

Nese sentido, nin o Grupo Provincial recibiu convocatoria de reunión ou xunta de voceiros ao respecto da elaboración do orzamento para a vindeira anualidade nin tampouco temos coñecemento de que o presidente se reunira cos representantes das 67 entidades locais.

O Grupo Provincial Popular si mantivo xuntanzas con representantes electos de todos os municipios da provincia para coñecer as necesidades de cada Concello para potenciar o seu territorio e ofrecer os mellores servizos aos seus veciños e veciñas. Moitas das propostas recollidas coinciden coas que trasladabamos o ano pasado porque, a pesar de corresponderse con ámbitos de competencia da Deputación, non foron tidas en conta polo equipo de goberno provincial nos últimos anos.

Por todo o exposto e coa finalidade de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, garantir un trato igualitario e un maior grado de cohesión económica e social en todos os municipios da nosa provincia, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a incluír no Proxecto de Orzamentos da Deputación de Lugo para a anualidade 2026 as partidas económicas suficientes para:

1.- Incrementar en 10M€ a achega provincial ao Plan Deputación para garantir un reparto igualitario dos fondos provinciais entre tódolos Concellos da provincia e modificar as bases para a vindeira anualidade flexibilizando a aplicación de fondos do Plan Deputación de cara a poder empregalos en maior tipo de gastos, entre eles, os correntes.

2.- Elaborar e desenvolver un Plan de conservación, mantemento e mellora das vías provinciais de forma que garantan a seguridade e que inclúa a renovación do firme onde sexa necesario, o ensanche das plataformas coa posibilidade de acondicionar cunetas revasables con formigón, unha correcta sinalización vertical e horizontal, a instalación dos elementos de seguridade necesarios; ademais da limpeza periódica das cunetas e un servizo efectivo de desbroce das marxes das estradas de titularidade provincial.

3.- Garantir a posta en funcionamento de forma inmediata dos centros de atención a maiores xa rematados, impulsar de xeito decidido os comprometidos, tanto os que se atopan en construción como os que están pendentes de execución; e, do mesmo xeito, poñer en marcha os centros de día xa construídos e comprometidos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 96/100 |

4.- Desenvolver un Plan de impulso dos polígonos industriais de titularidade provincial que inclúa as distintas tramitacións urbanísticas e sectoriais e a construción dos comprometidos e campañas de captación de investimentos para o desenvolvemento industrial e económico do territorio.

5.- Colaborar economicamente cos Concellos na prestación de servizos básicos coma o relativo ao ciclo auga, na recollida de animais abandonados como establece a Lei 7/2023 de protección dos dereitos e o benestar dos animais e no impulso dos sectores primario e turístico, entre outros."

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor presidente D. José Tomé Roca, dos señores/as Deputados/as Dª. Mª. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e Dª. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=16

## PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

### 17.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dase conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de setembro de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4622 ao 5082, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 97/100 |

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=17

**18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=18

**19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

**R O G O S**

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó mantemento da estrada provincial LU-P-2906, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Os veciños e veciñas do municipio de Lugo que circulan pola estrada LU-P-2906, de titularidade provincial, téñennos trasladado as súas queixas pola falta de desbroce, rameo e limpeza que dificulta a visibilidade dos usuarios da vía.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo acometa á maior brevidade posible as tarefas de mantemento na estrada provincial LU-P-2906 que conecta Arieiras-Cuíña-Vilalvite (Lugo) de desbroce, rameo e limpeza."

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación cos danos da estada provincial LU-P-5901 como consecuencia das obras da estación de Canaval, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A circulación de vehículos pesados, como consecuencia das obras de Adif na estación de Canaval e nas vías do ferrocarril ao seu paso polos municipios de Sober e Pantón, danaron considerablemente a estrada provincial LU-P-5901.




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 98/100 |

Somos conscientes de que toda obra leva parello molestias, pero unha vez rematados os traballos deberían de terse emendado, situación que non se deu.

O malestar entre os veciños de Sober é notorio porque esta estrada é a conexión que teñen coa N-120; pero, na actualidade, presenta enormes e profundas fochancas ao longo do seu firme que requiren que os vehículos reduzan considerablemente a velocidade para poder circular pola vía nese estado.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Esixa a Adif o arranxo completo dos danos da estrada provincial LU-P-5901 ocasionados como consecuencia das obras da estación de Canaval e nas vías do ferrocarril ao seu paso polo municipio de Sober".

## P R E G U N T A S

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás instalacións da Protectora de Animais de Lugo, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo leva anos agardando pola ampliación das súas instalacións para acoller animais en óptimas condicións. Na actualidade atópase nunha parcela titularidade da Deputación de Lugo situada en Muxa onde, finalmente, se demostrou que é posible acometer actuacións que permitan regularizar e ampliar as instalacións.

A proposta do Grupo Provincial Popular aprobouse – cos votos a favor dos deputados do Partido Popular e do BNG e en contra dos deputados do PSOE – na sesión plenaria ordinaria da corporación provincial do mes de febreiro de 2024 unha iniciativa para retomar o proxecto de ampliación da Protectora na que colaboren o Concello, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ten manifestado o seu apoio ao proxecto e, incluso, contempla 250.000 euros para este fin no proxecto de Orzamentos para o vindeiro ano 2026. E, tamén recentemente, o Concello de Lugo aprobaba o 15 de outubro a concesión definitiva da licenza urbanística para legalizar e ampliar as instalacións.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:




| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 99/100 |

O goberno provincial ten previsto cumprir o acordo plenario e colaborar no proxecto para a regularización e ampliación das actuais instalacións da Protectora de Animais de Lugo reservando para iso unha partida concreta nos orzamentos provinciais do ano 2026? ".

**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, ó funcionamento dos centros de día nas residencias da rede provincial, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O goberno provincial sacaba recentemente a licitación os contratos de prestacións ás persoas maiores nos Centros de Atención a Maiores da rede da Deputación de Lugo, pero os pregos non recollen a prestación do servizo de atención diúrna proxectados e anunciados dende fai anos.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Renuncia o goberno provincial a poñer en funcionamento os centros de día proxectos e anunciados dende fai anos nas residencias da rede provincial? "

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251028&punto=19

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trece minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Fecha y Hora | 11/11/2025 12:39:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX73E7ZLHNNAMUE553HJ4 | Página | 100/100 |